

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019751	IES Antón Alonso Ríos	Tomiño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	30
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	33
9. Outros apartados	34

1. Introducción

As nosas decisións programáticas obedecen ao grande obxectivo educativo e social de conseguir e consolidar falantes para o galego. Neste sentido, a materia de Lingua Galega en 4º de ESO continúa as liñas dos cursos anteriores na etapa coa continuidade do achegamento á literatura galega e ten a responsabilidade engadida de ser, para moito do noso alumnado, o último contacto co ensino regrado da nosa lingua e literatura. Preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

Tendo en conta que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral, os contidos deste nivel non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques.

En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística e no desenvolvemento dunha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática.

O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática.

O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural nos séculos XX e XXI.

O cuarto e último bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas doutras linguas como o éuscaro e o portugués, especialmente este último. Este fomento do ensino/aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

A proposta didáctica que se presenta para 4º de ESO está articulada arredor de seis unidades didácticas cuxos títulos dan conta do núcleo temático ao redor do cal van xirar.

As devanditas unidades, están articuladas segundo a ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

As unidades comezarán sempre por un achegamento ao tema da unidade a través dun formato oral ou audiovisual para transmitir en todo momento que estamos a traballar cunha lingua viva chea de vitalidade, a liña fundamental de traballo para conseguir falantes que dominen con fluidez a nosa lingua.

Ao longo do curso o alumnado desenvolverá diferentes proxectos centrados en partes diversas da materia.

No primeiro trimestre o proxecto de investigación baseado na lectura dun libro narrativo do século XX e XXI, a posteriori da lectura terán que realizar a análise da obra e entregar un traballo escrito á profesora. Posteriormente realizarán unha exposición aos seus compañeiros sobre a lectura. Os libros serán individuais e a profesora será a encargada de decatar de que niguén repita lectura. O outro traballo que realizaba será a elaboración dun videocurriculum

O segundo trimestre o proxecto coa denominación «A radio do avó» céntrase no achegamento ás xeracións anteriores a eles, para que analicen a situación sociolingüística, histórica, económica e dos medios de comunicación daquel tempo. Ademais a importancia dese traballo é o contacto interxeracional ademais de analizar como mudaron os tempos. Serán proxectados na clase, o seu produto final que deberá ser un vídeo, de aí logo traballaremos na seguinte avaliación, os avós na radio

No terceiro trimestre temos dous proxectos de menores dimensións. O primeiro consiste na creación dun guión radiofónico dun fragmento da obra que leron no primeiro trimestre e a gravación deste

A esollas das obras de lectura obrigatoria propostas para cada trimestre obedece aos seguintes criterios que se lles aplican á ducia de obras que se len ao longo da etapa:

- A inclusión de obras representativas do noso corpus literario.
- A inclusión de autoras e autores con obra salientable de xeito que non se repita ningún.
- A inclusión de temáticas actualizadas e atractivas para o noso alumnado que promovan a defensa de valores

socioculturais e éticos (igualdade, dereitos humanos, benestar animal, conciencia ambiental...).

- A non repetición de temas.

- E a presenza de todos os xéneros ao longo da etapa: narrativa, poesía, teatro, ensaio divulgativo e cómic.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unha lingua, unha cultura	<p>Unidade 1</p> <p>Na primeira unidade o alumnado vai realizar un primeiro achegamento ao contexto histórico da historia da lingua e da literatura nos séculos XX e XXI co obxectivo de que adquira unha serie de claves que lle permitan situar autores ou obras nas súas coordenadas histórico literarias.</p> <p>O alumnado vai achegarse ao éuscaro como mostra da diversidade lingüística do Estado e vai ampliar os seus coñecementos da lingua portuguesa con textos xornalísticos e producións líricas.</p> <p>Mediante o xénero argumentativo o alumnado reflexionará sobre a importancia do galego como vehículo transmisor dunha cultura.</p> <p>Aproveitaremos agora tamén para estreitar relacións co portugués e conseguir maior competencia nesta lingua así como para ver o éuscaro dende a súa propia idiosincrasia dentro do panorama multilingüe de España.</p>	20	21	X		
2	Sempre vivas	<p>Unidade 2</p> <p>O alumnado achegarase á evolución do xénero narrativo dos últimos dous séculos mediante a lectura e análise de textos de diferentes épocas e temáticas e mediante a súa propia creación literaria.</p> <p>Inclúese tamén aquí o booktuber da lectura autónoma de xénero narrativo do primeiro trimestre.</p> <p>«Agrido coa lingua e agrido a túa lingua» será o proxecto de investigación centrado no bloque «As linguas e os seus falantes» que inclúe traballo de campo e logo a análise dos usos lingüísticos discriminatorios (incluiremos aquí o coñecemento e defensa das variantes dialectais) tanto coas mulleres como coa propia lingua, o galego. O proxecto remata cunha intervención didáctica nas aulas do centro que conciencie da importancia que ten o que dicimos cando agredimos unha muller ou unha lingua.</p>	20	20	X		
3	E será verdade?	<p>Unidade 3</p> <p>Elabora un traballo de investigación en parellas sobre a manipulación informativa mediante un seguimento durante tres semanas. Na análise dos textos estudaremos a importancia da sintaxe na transmisión da información. Tamén terá un</p>	10	15		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	E será verdade?	<p>encontro con xornalistas de medios en galego para analizar este tema. Finalmente expoñerán na aula a investigación realizada e as conclusións ás que chegasen.</p> <p>Nesta unidade o xénero literario protagonista será o ensaio, o alumnado analizará diferentes textos así como tamén valorará a evolución desta tipoloxía textual na nosa literatura en relación ao proceso de normalización cultural.</p>	10	15		X	
4	Veño de aquí	<p>Unidade 4</p> <p>Dentro da tipoloxía textual o alumnado traballará o currículo como instrumento fundamental para o seu futuro social tanto a través da vida académica como da vida profesional.</p> <p>Elaborará un booktuber en vídeo sobre a obra escollida para lectura autónoma poética de carácter trimestral.</p> <p>Nesta unidade o xénero literario protagonista será a poesía, o alumnado analizará diferentes textos así como tamén valorará a evolución desta tipoloxía textual na nosa literatura.</p> <p>Desenvolverá tamén o proxecto en gran grupo coa denominación «Veño de aquí» centrado no achegamento ao xénero poético. Partindo do verso e da obra de Luísa Villalta o alumnado realizará unha intervención de poesía xeolocalizada para poñer en valor o seu lugar no mundo e todo o patrimonio que posúe.</p>	20	16		X	
5	Que vai ser de min	<p>Unidade 5</p> <p>Dentro da tipoloxía textual o alumnado traballará a carta de motivación como instrumento fundamental para o seu futuro social tanto a través da vida académica como da vida profesional. No plano oral traballarase a entrevista de traballo e nela valorará con criterio crítico a información laboral aparecida nos medios de comunicación e nas redes sociais. En ambos casos traballarase os mecanismos de enriquecemento e precisión léxica así como a corrección ortográfica e gramatical e a utilización de construcións morfosintácticas máis xenuínas evitando castelanismos e outras deturpacións.</p> <p>Nesta unidade o xénero literario protagonista será o teatro, o alumnado analizará diferentes textos así como tamén valorará a evolución desta tipoloxía textual na nosa literatura.</p> <p>En pequenos grupos confeccionan unha peza teatral partindo de referentes</p>	10	18			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Que vai ser de min	dramáticos da historia da literatura galega dos séculos XX e XXI na que a temática xire ao redor da escolla de futuro ou da procura de traballo.	10	18			X
6	Camiños diversos	<p>Unidade 6</p> <p>A protagonista da unidade vai ser a diversidade dende múltiples perspectivas, a diversidade de xénero, a da creación literaria, a de camiños que o alumnado pode elixir despois de abandonar 4º de ESO na busca dunha despedida de etapa alegre e chea de posibilidades de futuro.</p> <p>Agora achegarémonos á literatura por proximidade cronolóxica centrándonos nas manifestacións e tendencias dos nosos anos 20 para facer da lectura un produto de consumo cultural atractivo e actual que pode responder aos intereses do alumnado. En parellas elaborarán unha selección de doce textos con valoración crítica que ofrezan unha visión global da nova creación literaria galega.</p> <p>O alumnado tamén elaborará un booktuber en vídeo sobre a obra escollida para lectura autónoma teatral de carácter trimestral. Para rematar, creará textos literarios multimodais que conversen con outras linguaxes artísticas e audiovisuais da literatura galega da última década para unha intervención creativa na fin de curso.</p>	20	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unha lingua, unha cultura	21

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación da orixe común do galego e do portugués e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando os trazos lingüísticos máis salientables e ampliando o repertorio léxico en lingua portuguesa.	Recoñece os trazos lingüísticos que asemellan e diferencian galego e portugués e domina un repertorio léxico en lingua portuguesa que lle permite ler e comprender un xornal en portugués.	PE	55

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Valorar a lingua éuscara, analizando as súas características máis salientables para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	Valora nun texto expositivo as características máis salientables do éuscaro e ponas en relación coa realidade multilingüe de España.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica e argumenta a pertenza dun texto ou obra a un dos grandes períodos da literatura dos séculos XX e XXI e relaciónao cun contexto histórico determinado.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Elabora un texto multimodal destinado ao alumnado onde se explique e demostre con exemplos concretos como unha lingua, o galego, é transmisora dunha cultura con coherencia, cohesión e rexistro formal.		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os seus textos aplicando os seus coñecementos sobre coherencia e cohesión, corrección ortográfica e gramatical.	TI	45
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os seus textos utilizando os instrumentos dixitais dos que dispomos (dicionarios, correctores ortográficos...).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ampliación do coñecemento do portugués. Semellanzas e diferenzas léxicas entre o galego e o portugués (falsos amigos). - Valoración e comprensión das principais características do éuscaro. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d

UD	Título da UD	Duración
2	Sempre vivas	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer e valorar as variantes dialectais do galego, identificando os trazos fónicos, gramaticais e léxicos máis característicos dos bloques e das principais áreas lingüísticas, establecendo as diferenzas respecto da norma e distinguindo estes trazos dos sociolectais e de rexistro en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñece as variantes dialectais do galego atribuíndo ao seu bloque dialectal mensaxes diversas segundo a procedencia dos falantes.	PE	70
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuizos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística da contorna escolar e social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Identifica e cuestiona os prexuizos e estereotipos lingüísticos que se producen na súa contorna.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Elabora un booktuber en vídeo sobre a obra escollida para lectura autónoma narrativa de carácter trimestral dando conta das relacións internas dos seus elementos constitutivos, das relacións externas co seu contexto histórico e do seu posicionamento no xénero, subxénero e etapa literaria.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea un texto narrativo con intención literaria partindo de referentes narrativos da historia da literatura galega dos séculos XX e XXI.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explica os efectos no receptor das eleccións lingüísticas inapropiadas en relación á violencia de xénero.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social, partindo da información seleccionada.	Investiga en grupo o maltrato verbal ás mulleres e o maltrato verbal á lingua galega e cos resultados realizan a intervención intermodal "Agrido coa lingua e agrido a túa lingua" onde se vinculen ecofeminismo e ecolingüismo.	TI	30
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica nun traballo en grupo os usos discriminatorios da lingua e os abusos a través da palabra e desterraos do seu uso particular.		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos, procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	Na intervención educativa "Agrido coa lingua e agrido a túa lingua" utiliza estratexias para a resolución dialogada de posibles desavenencias nas aulas.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Elabora un booktuber en vídeo sobre a obra escollida para lectura autónoma narrativa de carácter trimestral (entre as tres propostas) explicando o seu criterio de selección e a experiencia lectora.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Elabora un booktuber en vídeo sobre a obra escollida para lectura autónoma narrativa de carácter trimestral (entre as tres propostas) relacionándoa coa súa experiencia biográfica e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fenómenos dialectais fónicos, gramaticais e léxicos dos bloques e das áreas lingüísticas do galego. Comparación entre a norma e as variedades dialectais. - Diferenzas entre os trazos dialectais, os sociolectos e os rexistros. - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Elaboración de traballos de investigación relacionados con temas de interese académico, persoal ou social. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas,

Contidos

- mapas conceptuais, definici
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: aclarar os propósitos, activar o coñecemento de base, atender os contidos principais, avaliar a consistencia interna entre os contidos e os coñecementos previos, formular e avali
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados, respectando sempre a propiedade intelectual, ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias e modelos de construción compartida da interpretación das obras, como discusións, conversas literarias, debates e emisión razoada das opinión persoais coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do univers
- Lecturas de obras que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d

UD	Título da UD	Duración
3	E será verdade?	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e reelaborala e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Contrasta a información en diversos medios de comunicación adoptando un punto de vista crítico.	PE	60
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Interpreta de maneira completa un texto ensaístico dando conta da súa estrutura, da información máis relevante e da intención do emisor e relacionándoo coa etapa literaria en que foi producido.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente un texto ensaístico dos séculos XX e XXI analizando os procedementos lingüísticos empregados.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa o seu traballo de investigación de forma autónoma utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Identifica os valores de elementos lingüísticos concretos en secuencias sintácticas de subordinación e transforma eses enunciados mantendo eses valores.		
CA1.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social, partindo da información seleccionada.	Elabora un traballo de investigación en parellas sobre a manipulación informativa mediante un seguimento durante tres semanas.	TI	40
CA2.2 - Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza en parellas unha exposición oral argumentada en rexistro formal do seu traballo de investigación con fluidez, coherencia e cohesión en rexistro formal e cunha utilización adecuada dos recursos verbais e non verbais.		
CA2.4 - Comprender, valorar e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprende, valora, interpreta e avalía a calidade e fiabilidade de textos dos medios de comunicación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Enriquece o seu traballo con precisión léxica, corrección ortográfica e gramatical e construcións morfosintácticas máis xenuínas na nosa lingua.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
